

NOSTIÁN SOLUCIÓN!

PARA AVANZARMOS E MELLORAR A XESTIÓN DOS RESIDUOS NA COMARCA DA CORUÑA

A planta de Nostián foi inaugurada a comezos de 2001 como alternativa tanto ao vertido incontrolado no antigo vertedoiro de lixo en Bens como a SOGAMA, no contexto dunha forte mobilización social tras a caída do vertedoiro de Bens en setembro de 1996. O funcionamento da planta comezou de forma bastante satisfactoria, pero pronto se viu afectado polo abandono das actuacións de promoción da recollida separada en orixe e pola falta de transparencia das empresas e administracións implicadas. Os resultados de reciclaxe empeoraron, o vertedoiro recibiu a maior parte dos residuos e esgotouse, apareceron problemas de malos olores, e a cidadanía foi perdendo a súa confianza no proxecto. Ao mesmo tempo, cada ano foi aumentando a taxa municipal do lixo de pagamento obrigatorio polos cidadáns, sen que revertera nunha mellora substancial do tratamento, recuperación e reciclaxe.

Queremos retomar así a mobilización social que protagonizou nou seu día a Plataforma Cidadá pola Reciclaxe, constituída por colectivos ecoloxistas, asociacións de veciños, sindicatos e outros colectivos cidadáns, e cuxo traballo foi decisivo para que os concellos elixiran este sistema fronte á incineración e o vertido de SOGAMA.

Os colectivos e entidades que asinamos este escrito consideramos que, cos axustes que sexa necesario, o modelo de recollida separada e o tratamento que Nostián pode ofrecer seguen a ser válidos, polo que facemos un chamamento ás administracións e a cidadanía en xeral a ter en conta a análise e propostas que de seguido facemos.

O funcionamento de Nostián

En datos de 2011, en todo o ámbito de Nostián conseguíuse reciclar o 13,4% dos residuos, unha cifra superior ao 8,2% do ámbito SOGAMA, pero moi inferior ao 35,7% do ámbito da planta comarcal do Barbanza, e sobre todo, moi inferior ao 80% de reciclaxe que están a alcanzar algunhas cidades e comarcas avanzadas, tanto no estado español como en Europa. A utilización dos biodixestores límitase á fracción orgánica que se recolle no contedor verde, que segue a ser unha pequena fracción dos residuos orgánicos xerados. Este residuos, despois da biodigestión, mestúrase cos restantes residuos orgánicos (fracción orgánica do contedor de tapa amarela) para o seu tratamento na planta de compostaxe, de tal forma que o resultado é o que a actual lei chama un "bioestabilizado", perdendo a definición legal de compost e presentando mala calidade física (restos de vidro e plásticos) e química (contido en metais pesados). Desta forma, en Nostián xa non se fai compost, e so se recicla unha parte dos envases.

En 2012 modificouse e ampliouse a planta de clasificación, o que permitiu aumentar lixeiramente a porcentaxe de residuos de envases recuperados, mais a planta segue sen reciclar a principal fracción do lixo, a orgánica, ao continuar sen elaborar compost.

Ao mesmo tempo, houbo unha redución dos postos de traballo e o que inicialmente era unha Planta de Reciclaxe tense convertido maiormente nunha Planta de Transferencia de residuos.

A recollida separada na orixe

O modelo de xestión en toda a comarca acollida a Nostián é o da separación húmido-seco, mediante un sistema de dous contedores, un para os restos orgánicos da cociña (fracción húmida) e outro para os residuos de envases e outros materiais reciclábeis (fracción seca). Este modelo básico combínase coa recollida separada na orixe do vidro e do papel e cartón.

Un bo funcionamento deste modelo, cunha boa separación na orixe, é imprescindible para que a planta poida acadar bos resultados de recuperación e reciclaxe. Mais os datos dinnos que tras a implantación do modelo, con bos resultados iniciais, a participación cidadá e os resultados foron diminuindo ao longo dos últimos dez anos. Unicamente a recollida de vidro (57% en 2011) pode considerarse medianamente satisfactoria, mentres que a recollida separada de papel/cartón, con só o 19% das cantidades xeradas, danos unha clara idea da actual situación. O contedor verde captura menos do 40% dos residuos orgánicos, e faino ademais cunha calidade insuficiente, pola alta porcentaxe de impropios que contén en moitos dos ámbitos de recollida.

Quen é responsábel desta situación?

Por suposto que a cidadanía temos unha responsabilidade clara na xestión do lixo e nos resultados acadados. A participación na separación dos residuos nas casas estímase entre un 20-30% da cidadanía (segundo ámbitos) que fai unha separación completa, e un 60% que separa so algún material, como pode ser o vidro. Calquera modelo de reciclaxe precisa aumentar fortemente a participación cidadá na recollida separada, se se queren acadar bos resultados, tanto nas cantidades recuperadas como na súa calidade.

Porén, a responsabilidade non fica na cidadanía a nivel individual. A falta de transparencia dificultáanos saber con seguridade as obrigas e o grado de responsabilidade de cada un dos axentes que interveñen na xestión do lixo, pero sabemos que no seu conxunto teñen a maior responsabilidade neste fracaso. Estes axentes, até onde sabemos son:

- A administración pública responsábel da xestión: o concello de A Coruña e o Consorcio das Mariñas, xunto cos restantes concellos da área metropolitana.
- A empresa de recollida do lixo na Coruña e no Consorcio: CESP.A.
- A empresa que xestiona a planta de Nostián: Albada(Grupo Urbaser).

Dado que as empresas realizan unha actividade contractual coa administración a través dunha concesión, como cidadáns/as temos o dereito de esixir

responsabilidades a esta, que á súa vez debe establecer as condicións dos servizos prestados polas empresas e vixiar o seu cumprimento. Por todo isto, e sen prexuízo do diálogo coas empresas, reclamamos das administracións a máxima transparencia a a creación de vías de diálogo entre a cidadanía e estas.

As consecuencias dun fracaso evitábel

Pensamos que son múltiples as consecuencias negativas deste fracaso:

- O fracaso deste proxecto estase a converter ou converteuse xa nunha lousa para a nosa autoestima, xa que nos percibimos como incapaces de acadar unha solución avanzada, mesmo racional ao problema dos residuos que xeramos.
- Somos responsábeis dun forte impacto ambiental, tanto polo non aproveitamento de materias primas cada vez máis escasas e necesarios para os sistemas produtivos, como o papel, o vidro, a materia orgánica ou incluso os plásticos e chatarras, como pola contaminación que os residuos que xeramos causan primeiro en Nostión e despois noutros lugares onde acaban vertidos ou queimados.
- Estamos a perder numerosos empregos, xa que a reciclaxe e compostaxe da maior parte dos residuos precisas desenvolver unha importante industria que xeraría máis duns 500 empregos directos.

Actuacións propostas

Tras 14 anos de continuidade nesta situación, parece claro que a situación non vai mellorar se a cidadanía non toma unha posición máis activa, esixente e comprometida nesta materia. Ao mesmo tempo, debe ser unha posición de colaboración coas administracións no funcionamento dunha solución que seguen sendo válida (a recollida separada, a reciclaxe e a compostaxe) e de responsabilidade na parte que nos toca, como é a separación dos residuos nas nosas casas.

Con estes obxectivos, pomos sobre a mesa as seguintes propostas para as administracións:

- Transparencia en todos os procesos de xestión dos residuos, con acceso á información por parte das cidadanía en xeral e dos colectivos e entidades sociais.
- Abrir canles de diálogo entre os colectivos e entidades sociais e as administracións responsábeis da xestión dos residuos
- Retomar e centrar os esforzos na educación ambiental e na concienciación e explicación do modelo de xestión e da recollida separada nos fogares,

considerándoo como a condición chave para que a reciclaxe funcione. O éxito da participación cidadá dependerá en boa medida dunha educación ambiental adecuada, e na percepción por parte da cidadanía da utilidade do que está a facer. Por iso compre marcarse uns obxectivos crecentes de redución de lixo por habitante e de separación e reciclaxe.

- Adoptar os cambios necesarios en Nostián para a elaboración de compost coa fracción orgánica recollida separadamente na orixe (contedor verde), esixindo da empresa o cumprimento das condicións da concesión e os obxectivos para os que foi creada a planta.
- Introducir melloras no modelo de recollida separada en orixe, en particular a recollida porta a porta naquelas áreas onde resulte viábel, así como nas Ordeanzas Municipais relacionadas coa taxa do lixo.
- Fomentar a compostaxe doméstica en ámbitos de asentamentos dispersos e alí onde hai vivendas con horta ou xardín, así como en espazos públicos urbanos.
- Incentivar un consumo responsable tendente á redución do lixo, apoiando ás redes de consumo responsable e a produción local e de temporada.

Como dixemos arriba, o modelo de xestión e a planta de Nostián seguen sendo válidas sempre e cando se reforce a recollida separada na orixe. Ademais, consideramos que actuacións complementarias tais como a compostaxe doméstica ou de mellora como a recollida porta a porta (que permite acadar porcentaxes de recuperación do 80% ou máis naquelas áreas onde se implanta) reforzarán a súa viabilidade.

Como colectivos e entidades interesados nos avances sociais e ambientais manifestamos a nosa preocupación pola actual situación da xestión do lixo na comarca e comprometémonos a impulsar as vías de colaboración, entre nós como colectivos e coa administración, para superar esta situación.

A Coruña, xuño de 2014

Asinan este manifesto:

ADEGA,

15M de Monte Alto,

CCOO,

Greenpeace

Liga Estudiantil Galega

Zocamiño

Verdegaia

Rede de Dereitos Sociais

Comités

Arquitectos Sen Fronteiras

Fronte Cívica

CIG

UGT

Proxecto Integral

